

Celga



1

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-01

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea o seguinte texto. Tome as notas que precise.

CARMIÑA, A BONECA GALEGA



A viguesa América Soto é a nai de Carmiña, unha boneca galega vestida co traxe tradicional galego de gala negro. Esta vestimenta fana en Galicia unhas costureiras de Ourense e consta das nove pezas de roupa que forman o traxe rexional.

A idea de crear unha boneca galega naceu por un recordo que a creadora tiña de cando era unha nena: ver no peirao de Vigo as familias dos emigrantes cando se despedían. Anos despois, a imaxe das nais despedíndose dos seus fillos no porto, cara a unha nova vida, fixo que América Soto quixese facerlles unha homenaxe a todos aqueles que marcharon da súa terra e que, se cadra, nunca volveron.

Carmiña non é un xoguete. Tal e como defende a súa creadora, non foi inventada para xogar, senón para tela como un adorno que trae moitos recordos. Podémola definir máis ben como unha boneca que serve para calmar a morriña, esa saudade que os galegos xeralmente senten fóra da súa terra.

Texto adaptado do *Faro de Vigo*, 05/10/07

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minuto aprox.

2. PREGUNTAS DE INFORMACIÓN PERSOAL	3 minuto aprox.
<ul style="list-style-type: none">▪ A que se dedica?▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...▪ Canto tempo leva estudando galego?▪ Por que o estuda?▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p><i>(Se procede)</i></p> <ul style="list-style-type: none">▪ Que lle gusta máis da cultura galega?▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	

3. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ De que fala o texto?▪ Como é Carmiña?▪ Por que América Soto tivo a idea de creala?▪ Carmiña é unha boneca para xogar? Para que foi creada?	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

OPCIÓN A

- Con que xogaba vostede de neno/a?
- Lembra algún xoguete que tivo cando era neno/a e que foi especial para vostede? Como era?
- Con que cre que xogan os/as nenos/as hoxe en día?
- Pensa que o pasan mellor ca os/as nenos/as da súa xeración?
- Cre que lles gustaría ter unha boneca como Carmiña?
- (Se procede) Cal é o recordo típico do seu país ou da zona onde vive? Pode describilo?

OPCIÓN B

- Que diferenzas atopa entre Carmiña e outras bonecas?
- Mercou vostede ou regaláronlle algunha vez unha boneca como Carmiña?
- Vostede regalaríalle unha boneca así a alguén? A quen? Por que?
- (Se procede) Cal é o recordo típico do seu país ou da zona onde vive? Pode describilo?

OPCIÓN C

- Cre que Carmiña é un bo *souvenir* ou recordo típico de Galicia? Por que?
- Coñece outro regalo típico ou representativo de Galicia? E doutro lugar? Como é?
- Hai algunha imaxe (comida, tradición, paisaxe...) típica de Galicia que lle guste? E unha que non lle guste? Por que?
- (Se procede) Cal é o recordo típico do seu país ou da zona onde vive? Pode describilo?

OPCIÓN D

- Gústalle mercar os regalos típicos do lugar ao que viaxa? Por que?
- Coñece a alguén que sempre compre algún *souvenir* cando visita outro lugar?
- Que tipo de turistas mercan estes regalos?
- Ten vostede algún regalo típico doutros lugares? Como é?
- (Se procede) Cal é o recordo típico do seu país ou da zona onde vive? Pode describilo?